

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **VINTESEIS DE MAIO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCÍONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar as actas correspondentes ás sesións do 28 de marzo, 04 e 21 de abril de 2008.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito do Defensor del Pueblo, rexistro de Entrada nº 2482, de data 20 de maio de 2008, en relación o expediente 07032479 instruído a instancia de D^a Sonia Gómez García, comunicando o traslado do acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, correspondente a súa sesión do 10 de marzo de 2008, e procedendo a concluir as actuacións seguidas co ocasión de dita queixa, en virtude do preceptuado no artigo 31 da Lei Orgánica 3/1981, de 6 de abril, reguladora do Defensor del pueblo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.2.- Escrito de UNICEF Galicia, Rexistro de Entrada nº 2491, de data 20 de maio de 2008, solicitando que se valore a posibilidade de realizar unha posible doazón para asistir ós afectados da catástrofe de Myanmar.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.3.- Escrito de Dº José Benito Espiño Mejuto, en calidade de Presidente do Clube de Motos Clásicas Veteranas Deza, comunicando que o vindeiro día 06 de xullo de 2008, a partir das 10:00 h. terá lugar a 6ª Concentración de Motos Clásicas de Deza, con saída dende o Hotel Katiuska, dirección A Estrada, e chegada a Silleda sobre as 14:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Deportes.

2.4.- Escrito do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, Rexistro de Entrada nº 2532, de data 21 de maio de 2008, presentando memoria de actividades do exercicio 2007, na cal, e de xeito resumido, téntase expoñer os feitos mais relevantes acontecidos perantes o mencionado ano.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.5.- Escrito de Dª Mª Teresa Taboada Dobarro, Rexistro de Entrada nº 2548, de data 22 de maio de 2008, indicando os perxuízos da instalación e actividade dunha antena de telefonía móvil no lugar de Penadecuñas, parroquia de Parada (Silleda), así como a solicitude de denegación da licenza municipal para esta actividade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Dase conta das bases de selección para contratación temporal, a través da modalidade contractual de servizo determinado, dun/dunha director/a de Servizos Sociais, sendo a duración do contrato ata o 31 de decembro de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a estas bases así como a publicación nun diario dun anuncio para coñecemento xeral e apertura de prazo para presentación de solicitudes.

3.2.- Dase conta da proposta formulada polo Concelleiro de Obras, D. Manuel Cuiña Fernández, de data 22 de maio de 2.008, de proceder á selección dun peón palista para o departamento de Obras e Servizos do Concello de Silleda, a través da modalidade contractual de servizo determinado e por un período dun ano, como consecuencia da xubilación da

persoa que viña desenrolando este posto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Iniciar a tramitación do expediente de contratación de dito persoal, comezando pola elaboración das bases de selección para a súa posterior aprobación, previo o informe de intervención.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Vista a Orde da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, do 18 de abril de 2.008, pola que se convoca concesión de axudas para os anos 2008 e 2009 destinadas a entidades locais de Galicia para a mellora de xestión e explotación dos puntos limpos construídos para a xestión dos residuos sólidos urbanos”, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ó abeiro da Orde do 18 de abril de 2.008 unha concesión de axuda para para a mellora de xestión e explotación do puntos limpo do Concello de Silleda para os anos 2008 e 2009.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades Clasificadas

5.1.1.- Licencia N° 2467/07.Visto o expediente instruído a instancia de SUPERMERCADOS PRIETO FROIZ, S.A. (por cambio de titularidade concedida por acordo desta Xunta de Goberno Local, correspondente a súa sesión do día 21 de abril de 2008, sendo o titular anterior Chousa do Muiño, S.L.), solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado, a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 7 de Silleda.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 07 de abril de 2008, (Rexistro de Entrada nº 1783, de data 11 de abril de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta 612-12-16. e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Traballará con portas e ventás pechadas e ventilación forzada. Instalará unha

cámara de graxas para as augas dos vertedoiros previo ao entronque coa rede de sumidoiro. Os equipos de ventilación/climatización terán illamento acústico e antivibratorio, elementos relentizadores da velocidade de saída do aire, que deberán estar lonxe das fiestras mais próximas. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruídos do Concello de Silleda. Dotarase ás cámara e vitrinas frigoríficas de illamento acústico e antivibratorio. No caso de instalar un machete deberá conter algún elemento de amortecemento do ruído. Previa licenza de actividade a empresa estará en posesión dun contrato con xestores autorizados, que lle xestione os residuos xerados durante o desenrolo da actividade coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.2.- Escrito de D^a Carmen Abades Espiña, Rexistro de Entrada nº 1229, de data 11 de marzo de 2008, solicitando certificación municipal de que non preciso licenza de segregación das parcelas da súa propiedade, situadas na zona 6 do polígono 503, números 223 e 224 da concentración parcelaria de Moalde, que foron obxecto de expropiación parcial con motivo da apertura da autoestrada AP-53, resultando divididas en catro partes.

Visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 26 de maio de 2008, no que se sinala:

“1º.- O solo no que están ubicadas as fincas referenciadas na documentación aportada teñen as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

- Ordenanza de aplicación: Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Lei 15/2004, do 29 de

decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

2º.- Según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002, no seu artigo 206 consta o que literalmente se transcribe:

“Artigo 206: División e segregación de predios en solo rústico:

1.- No solo rústico non se poderán realizar nin autorizar parcelamentos, divisións ou segregacións, excepto aqueles que deriven da execución conservación ou servizo de infraestructuras públicas, da realización de actividades extractivas ou enerxéticas, da execución do planeamento urbanístico pu que teñan por obxecto a mellora das explotacións agropecuarias existentes.”

3º.- Según consta na documentación aportada, asinada pola enxeñeira técnica agrícola dona Eva Viqueira Ferreiro, “Como consecuencia de la construcción de la autopista AP-53 de Santiago a Ourense, las dos parcelas han quedado segregadas formando cuatro nuevas parcelas, tal y como se refleja en el plano que se adjunta y que se describe de la forma siguiente:

Parcela 223-1: Dedicada a labradío, tiene una extensión superficial de cuarenta y ocho áreas setenta y seis centiáreas. Lindando por el Norte con la parcela 224-1; Sur, de Antonio Campos; Este, con muro y camino, y Oeste con la autopista de Santiago a Ourense.

Parcela 223-2: Dedicada a labradío, tiene una extensión superficial de veintiuna áreas veintiséis centiáreas. Lindando por el Norte con la parcela 224-2; Sur, de Antonio Campos; Este, con la autopista de Santiago a Ourense, y Oeste con camino.

Parcela 224-1: Dedicada a labradío, tiene una extensión superficial de catorce áreas cincuenta y siete centiáreas. Lindando por el Norte, de Antonio Campos y muro que separa de Matilde Rodríguez; Sur, con la parcela 223-1; Este, con muro y camino, y Oeste con la autopista de Santiago a Ourense.

Parcela 224-2: Dedicada a labradío, tiene una extensión superficial de tres áreas noventa y cuatro centiáreas. Lindando por el Norte, de Antonio Campos; Sur, con la parcela 223-2; Este, con la autopista de Santiago a Ourense, y Oeste con camino.”

4º.- En conclusión, as parcelas “matrices” encóntranse atravesadas por unha infraestrutura pública (autoestrada AP-53) encaixando no suposto de excepcionalidade para división e segregación de predios en solo rústico previsto no artigo 206 da Lei 9/2002, LOUPMRG, resultando as parcelas “divididas” referenciadas no punto 3º deste informe, estimando que non é necesaria a licenza municipal de segregación ó atoparse éstas xa divididas pola autoestrada AP-53.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a peticionaria que non é necesaria a licenzia de segregación, segundo se desprende do informe anteriormente transcrito.

5.3.- Licencias de Obra maior:

5.3.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenzia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: MANUEL LÓPEZ ESPÍÑO, con domicilio na rúa Lourás, nº 5-1º-Bandeira (Silleda)
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Ampliación de planta baixa para almacén de local existente.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Lourás, nº 5-baixo, Bandeira (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Dº Antonio R. Albacete Giménez, visado polo Colexio Oficial en data 14 de febreiro de 2008.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 25.974,26 □□□.
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 14 de maio de 2008, no que se sinala:

“1º.- Á presentación do oficio de dirección técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

2º.- Á presentación do Proxecto de Execución (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

3º.- Á presentación do Estudio de Seguridade e Saúde (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

4º.- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a resposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.

A non presentación da documentación solicitada entenderase informe desfavorable de cara á concesión da licenzia de obra.”

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenzia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos

seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 878-2275/08

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € (informe técnico) e 584,42 € (ICIO), que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

5.4.- Dase conta da denuncia presentada en data 19 de novembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 7396 por Ulises C. Bértolo García en representación da entidade mercantil NOVA CARBLLEIRA 2002, contra, entre outras, a obra executada pola PROMOTORA LALIN 2.000 S.L., de construción de edificio composto de soto, planta baixa, catro plantas para 20 vivendas e baixo cuberta a situar na rúa República de Arxentina s/n esquina con rúa prevista no PXOM(Silleda), fundada en que a licencia de obra foi outorgada sin marcar aliñacións nin rasantes, o non realizarse estudio de detalle nin proxecto de urbanización.

Visto que a Xunta de Goberno local de data 23 de setembro de 2.004, concedeu a citada licencia de obra para construción de edificio condicionando tal licencia ó disposto no informe do asesor técnico municipal, de data 20 de setembro de 2.004, que establece o seguinte condicionante:

“A presentación do proxecto de urbanización para o tramo a rúa de nova apertura á que da fronte o edificio. Neste censo compre advertir que a presente licencia de edificación será efectiva no momento en que se outorgue a licencia para a urbanización da rúa citada, asemade, no acto de outorgamento da referida licencia de urbanización estableceranse as oportunas garantías que aseguren a execución, cando menos simultanea, das obras de edificación e de urbanización (compromiso de execución das mesmas e aval bancario polo seu importe)”

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14 de xullo de 2005, previo informe técnico favorable, aprobou inicialmente o proxecto de urbanización para apertura de novo vial presentado pola PROMOTORA LALIN 2000 S.L., condicionándose a concesión da licenza de obra de urbanización ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- “Á presentación das oportunas garantías da execución en forma de aval bancario polo importe das obras descritas no proxecto (119.555,22€).*
- “Á presentación do oficio de dirección das obras, asinado por técnico competente e visado.”*

Visto que, cumpridos pola PROMOTORA LALIN 2000 S.L. os condicionantes sinalados, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21 de maio de 2.008, aprobou definitivamente o proxecto de urbanización para apertura de novo vial previsto no PXOM á que da fronte o edificio denunciado, outorgando a correspondente licencia de obra de urbanización.

Visto que a sinalada vía de nova apertura forma parte da rede viaria pública marcada no Plan Xeral de Ordenación do Concello de Silleda, sendo éste o instrumento que determina as súas aliñacións e rasantes, e sin que sexa necesario, conforme ó disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a presentación e aprobación dun estudio de detalle, posto que non se efectuou ningún reaxuste das aliñacións determinadas no PXOM

Visto que no informe técnico emitido polo arquitecto D. Carlos López Taboada en data 20 de setembro de 2.004, sinala a necesidade de presentación dun proxecto de urbanización para a rúa de nova apertura á que da fronte o edificio, sin que se indique que sexa preciso a presentación dun estudio de detalle. Asimesmo, o informe emitido polo mesmo técnico de data 15 de febreiro de 2.005, relativo ó proxecto de urbanización, informa favorablemente tal proxecto, sin establecer que sexa necesario un estudio de detalle.

Visto o disposto no informe de secretaría de data 21 de maio de 2.008, relativo a tramitación do expediente.

A Xunta de Goberno Local, coa abastención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

Desestimar de conformidade coas razóns expostas, a denuncia presentada en data 19 de novembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 7396 por Ulises C. Bértolo García en representación da entidade mercantil NOVA CARBLLEIRA 2002, contra a obra executada pola PROMOTORA LALIN 2.000 S.L., de construción de edificio composto de soto, planta baixa, catro plantas para 20 vivendas e baixo cuberta a situar na rúa República de Arxentina s/n esquina con rúa prevista no PXOM(Silleda), por entenderse correctamente tramitado o expediente de concesión das licencias de edificación e de urbanización, sin que sexa exixible a presentación dun estudio de detalle para a apertura do vial ó que da fronte a edificación denunciada, por ser determinadas as aliñacións e rasantes do vial polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, sin terse efectuado reaxustes a tales aliñacións.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Escrito de Dº José Manuel Saco Salgado, Rexistro de Entrada nº 2589, de data 26 de maio de 2008, solicitando a devolución dos dereitos de examen que foron pagados no seu día, correspondentes á convocatoria deste Concello para unha praza de Policía Local convocada no ano 2007, os cales ascenden á cantidade de 18,00 .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á devolución dos 18,00 correspondentes ó dereito de examen da convocatoria do ano 2007 dunha praza de policía local.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,